XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP AMOR RUIBAL
Rúa Santo Antoniño s/n 36194 Barro
Tfno: 886151996
e-mail: ceip.amor.ruibal@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ceipamorruibal

Estimadas familias,

A plataforma Webs dinámicas permite a cada centro educativo dispor dunha aula virtual. As aulas virtuais son espazos dixitais de traballo que permite ao profesorado que as usa dispoñer dun espazo web en liña para organizar as súas unidades didácticas, repositorio de contidos e documentos, espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado, e lugar de realización de tarefas por parte do alumnado, etc.

As aulas de Infantil, as titorías de Primaria (desde 1º ata 4º nivel) e o profesorado especialista destes niveis ofrecerá pouco a pouco neste espazo as súas propostas de traballo. Non aparecen as titorías de 5º e 6º nivel por dispoñer dun espazo propio no proxecto EDIXGAL.

Lede con atención o seguinte manual pois o alumnado necesitará claves de acceso para acceder aos distintos "cursos".

1. Para acceder á aula virtual podedes escribir "aula virtual Amor Ruibal" no navegador ou directamente a través do enlace: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamorruibal/aulavirtual/
2. Para poder acceder aos "cursos" nos que está matriculado o alumnado debedes premer en "acceso" - arriba á dereita, como amosa a imaxe 1.
3. Cada alumno ou alumna ten un usuario e un contrasinal para entrar na aula e poder ver as súas materias. Imaxe 2.

Acceso xeral á aula desde a ruta arriba indicada.

O acceso arriba á dereita.

Imaxe 1





Arriba á dereita aparece o usuario identificado.

Na listaxe abaixo os cursos ou materias para o seu traballo.

Imaxe 2

A primeira vez que entremos na aula virtual pediranos o usuario e contrasinal (imaxe 1) e tamén nos obliga a cambiar a contrasinal neste momento (imaxe 2) É importante apuntala na axenda do alumno/a para recordala na casa e tamén para o traballo na clase.

1. En nome de usuario escribimos o nome <u>completo</u> do alumno/a en minúsculas todo xunto e separado por puntos.

Exemplos: Mª Victoria Camiña de la Rosa, tería como usuario: maria.victoria.camina.de.la.rosa

Emilio José Agüero Espiña, sería : emilio.jose.aguero.espina

IMPORTANTE:

NON TILDES →	"NINGUN ACENTO GRAFICO"
NON POÑAS " Ñ " (camiña) →	PON " n " (camina)
NON POÑAS " Ü " (güimil) →	PON " u " (guimil)
NON MAIÚSCULAS →	"pon minúsculas"

2.– En contrasinal escribimos a palabra **changeme**

3.– Picamos en acceso



1.- USUARIO:
Nome completo en minúsculas todo xunto e separado por puntos.
Sen acentos, ü nin ñ

2.- CONTRASINAL:
changeme

3.- Picar aquí: acceder



IMAXE 2

CAMBIAR CONTRASINAL